



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

# REGULAMENTO DA XII RUTA BTT CONCELLO DE CARNOTA

### NORMATIVA XERAL

1. O Concello de Carnota organiza a XII Ruta BTT cicloturística non competitiva, que se celebrará o **venres día 18 de abril de 2025**.
2. A saída estará situada no **pavillón polideportivo Carnota**.

<https://maps.app.goo.gl/44gwbpRAgzR1KySJ7>

O comezo da carreira será ás **09:30 horas**, aproximadamente.

*\*Nota: os horarios non están libres de sufrir algunha modificación se se presenta algún imprevisto de última hora. No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa, a proba será suspendida automaticamente.*

3. O percorrido da ruta longa da BTT é aproximadamente de **40 Km** e o da ruta curta de **28 Km**, cun desnivel de aproximadamente 1000m. A ruta e os perfís poderanse consultar na plataforma [www.cronotec.es](http://www.cronotec.es), na que se realizarán as inscricións. Tamén haberá unha mini btt e unha xincana para os máis pequenos da casa.
4. O percorrido terá unha dificultade media e unha dureza media-alta.
5. A proba está deseñada como unha proba de mellora persoal, de reto particular, e é por iso polo que se realiza control de tempos, o que axudará a cada persoa a superarse nas posteriores edicións.
6. Optarán ós seguintes **premios** todas aquelas persoas que non realicen calquera das dúas rutas en ebike.
  - Trofeo e/ou medalla ao 1º corredor absoluto da ruta longa.
  - Trofeo e/ou medalla á 1ª corredora absoluta da ruta longa.
  - Trofeo e/ou medalla ao 1º corredor absoluto da ruta curta.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

- Trofeo e/ou medalla á 1ª corredora absoluta da ruta curta.
  - Trofeo e/ou medalla ao 1º corredor sub 14-17.
  - Trofeo e/ou medalla á 1º corredora sub 14-17.
  - Trofeo e/ou medalla ao 1º persoa residente ou empadroada no Concello de Carnota da ruta longa.  
\*Se se dá o caso de que algúns deles xa subiran ao podio, entregaráselle o premio ao segundo ou segunda mellor carnotán e carnotá.
  - Trofeo e/ou medalla ao 1º persoa residente ou empadroada no Concello de Carnota da ruta curta.  
\*Se se dá o caso de que algúns deles xa subiran ao podio, entregaráselle o premio ao segundo ou segunda mellor carnotán e carnotá.
  - Trofeo e/ou medalla ao clube participante máis numeroso.
  - Trofeo e/ou medalla ao/á participante con máis idade da competición.
  - Agasallo conmemorativo para todas as persoas participantes na ruta.
7. Ofrécese un servizo de **gardarroupa** para todas as persoas participantes que o precisen.
  8. Ponse á disposición dos/das participantes un punto para a **limpeza de bicicletas no pavillón de Carnota**.
  9. As persoas participantes poderán utilizar o **pavillón de Carnota**, para asearse despois da carreira.
  10. Existirá varios postos de **avituallamento sólido e líquido** intermedio. Tamén nos encontraremos con algunha fonte natural durante o percorrido.  
Por respecto ao medio natural, será obrigatorio depositar os restos de lixo xerados nas zonas habilitadas. Non está permitido sacar alimentos nin botellas con bebidas fóra destas zonas. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.
  11. Cada participante é responsable de portar o equipo adecuado para a práctica da actividade, así como de levar os elementos necesarios (ferramentas e recambios) para reparar os problemas mecánicos que puideran ter lugar no transcurso da marcha.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

12. Para participar é **obligatorio o uso do casco homologado** para o ciclismo de montaña. Non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta.
13. A organización non se fai responsable dos accidentes nos que puidera ser causa a negligencia dos participantes, nin tampouco dos danos que estes puideran ocasionar durante a realización da marcha.
14. O dorsal estará visible en todo momento.
15. Toda persoa que corra sen estar inscrita farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar na entrega de trofeos nin de obsequios.
16. A organización porá á disposición das persoas participantes un servizo de **ambulancia**.
17. Todas as persoas participantes deberán **respectar as normas de circulación** e seguir as instrucións, tanto dos axentes da autoridade de Tráfico, Policía Local e responsables de Protección Civil, como dos representantes e voluntarios da organización habilitados, que actúan como auxiliares daqueles, conforme ao Regulamento Xeral de Circulación.
18. O percorrido da proba transcorre na súa maior parte por camiños rurais e forestais do concello de Carnota. Existen cruces con **tramos de estradas que se atopan abertos ao tráfico** para outros usuarios e usuarias, polo que os/as participantes deberán extremar a precaución.
19. Nalgún tramo, encontraremos con baixadas con gran desnivel e moi técnicas. Recomendamos extremar as precaucións.
20. Respetaranse e acataranse en todo momento as ordes e directrices da organización, sen superar en ningún momento o vehículo que abre a ruta, feito que será obxecto de descualificación inmediata.
21. Os percorridos estarán sinalizados pola organización con elementos de sinalización, como unha pequena bandeira e carteis indicadores,



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

entre outros. É responsabilidade de cada participante localizar a sinalización e seguila.

22. O Concello de Carnota, a comisión organizadora e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os/as participantes nesta proba deportiva.
23. Todas as persoas participantes prestan o seu consentimento á Organización para que poida ser utiliza a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódalas formas posibles. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da mesma, previa comunicación por escrito dirixido a deportes@carnota.gal
24. Todas as persoas participantes, polo feito de tomar a saída na proba, aceptan o presente regulamento, e descargan á organización de calquera responsabilidade en canto á saúde do/da participante se refire. No caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida neste regulamento, decidirá o comité organizador.
25. O descoñecemento do regulamento non exime do seu cumprimento.

## **INSCRICIÓNS**

### 1. Termos e prezos das **inscricións**:

- Poderán participar na ruta todas as persoas maiores de idade que acepten e cumpran as condicións regulamentarias e que realicen axeitadamente o proceso de inscrición.
- Permitirase a participación de rapaces e rapazas menores de idade (de 14 a 17 anos) con autorización paterna.
- O prezo de cada inscrición será de **10 €**, que se aboarán no mesmo momento de cubrir o formulario de inscrición.
- O prazo de inscrición finalizará o **luns 14 de abril ás 14:00 horas**.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

- As inscricións efectuaranse na páxina [www.cronotec.es](http://www.cronotec.es) e considerarase efectiva a inscrición unha vez feito o pago no TPV habilitado para tal fin.
  - A solicitude de inscrición para os/as deportistas menores de idade, deberá ir acompañada dunha **autorización**, segundo o modelo establecido pola organización, que se poderá descargar na páxina web do Concello de Carnota [www.carnota.gal](http://www.carnota.gal) ou en [www.cronotec.es](http://www.cronotec.es), e que tamén se facilitará no Departamento de Deportes do Concello de Carnota. Debe imprimirse e presentarse, debidamente cuberta e asinada, á hora de recoller o dorsal.
  - En ningún caso se devolverá o importe da inscrición.
2. A **entrega de dorsais** abrirase o mesmo día da proba ás 8:00 horas no pavillón de Carnota e permanecerá aberta ata 15 minutos antes do inicio da ruta.  
Calquera participante con problemas médicos (alerxia, atencións especiais, etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal.
3. As inscricións realizaranse nos lugares que se indican nas bases xerais e dentro dos prazos sinalados. Quen non se axuste a estas indicacións non poderá participar na proba.

### **RECORDA**

Mantén limpo o monte e respecta o medio. Entre todos debemos facer un uso responsable del.

Moitas grazas por participar.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### ANEXO I

## PERMISO PATERNO/MATERNO XII RUTA BTT CONCELLO DE CARNOTA

<b>APELIDOS</b>	
<b>NOME</b>	

<b>DNI</b> (SÓ QUEN O TEÑA)	
<b>DATA NACEMENTO</b>	

<b>ENDEREZO</b>	
<b>TELÉFONO</b>	

Autorización do pai, nai ou titor/a	
<b>Nome:</b>	
<b>DNI:</b>	
<b>§inatura:</b>	

*\*Non se admitirán inscricións sen ningún destes datos e sen presentar fisicamente este documento á hora da recollida do dorsal.*